




**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**  
CP 36968  
(PONTEVEDRA)



## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.**

### **Artigo 1.º Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordeación da Taxa por licenzia de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

### **Artigo 2.º Feito imponible.**

Constituen o feito imponible desta Taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzias.
- b) Autorización para transmisión de licenzias, cando proceda o seu otorgamento, con arreglo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamiento dos libros–registro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

### **Artigo 3.º Suxeito pasivo.**

Teñen obriga do pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a que se otorgue a concesión e expedición da licenzia, ou a quen no seu favor se autorice a transmisión de dita licenzia.



**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**

CP 36968  
(PONTEVEDRA)



2. O titular da licenza de que o seu vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e de quen os seus libros–registro sexan dilixenciados.

**Artigo 4.º Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 5.º Cota tributaria.**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

**Artigo 6.º Exencións e bonificacións.**

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

**Artigo 7.º Percepción.**

1. Cando se trate da concesión de licencias nace a obriga de contribuir na data na que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión, o no seu caso, autorice a substitución do vehículo. Non obstante, poderase considerar que nace a obriga de contribuir no momento de presenta-la correspondente solicitude.

2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamento dos libros–registro, a Taxa percibirase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.

**Artigo 8.º Declaración e ingreso.**


1. A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2. Toda–las cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuintes o seu pago no prazo establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.



**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**

CP 36968  
(PONTEVEDRA)



3. Nembargantes poderán os Concellos esixir o ingreso no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

**Artigo 9.º Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estaráse ó disposto nos artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.



**CONCELLO  
DE  
MEAÑO**  
CP 36968  
(PONTEVEDRA)

**ANEXO**

**Primeiro. Tarifa.**

PARA APLICACION DA ORDENANZA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER:

<u>Concepto</u>	<u>Pts.</u>
Por concesión e expedición de licencias	25.000 Pts.
Por autorización para transmisións de licencias, cando proceda o seu outorgamento con arreglo á lexislación vixente	10.000 Pts.
Por autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias	1.000 Pts.

**Segundo. Outras normas especiais de xestión.**

**Terceiro. Data de aprobación.**

**DILIXENCIA:**

Póñoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por licencia de autotaxis e demais vehículos de aluguer, foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998